

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN E PRÓRROGA DE PROFESORADO EMÉRITO NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CURSO 2025-2026

En virtude do establecido no artigo 7 do Regulamento de Profesorado Emérito da Universidade de Santiago de Compostela (en diante Regulamento), aprobado polo Consello de Goberno celebrado o 18 de xullo de 2019, esta Reitoría resolve abrir o prazo para a presentación de solicitudes de contratación e de prórroga de profesorado emérito para o curso 2025-2026, conforme ás seguintes bases:

1. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é a asignación de ata 12 prazas de profesorado emérito entre as solicitudes presentadas polos Departamentos que cumpran os requisitos que se relacionan no apartado 2 e a autorización das prórrogas correspondentes ao profesorado emérito que cumpra os tres anos nesta figura a finais do curso académico 2024-2025.

2. Requisitos para as novas solicitudes

Poderá ser contratado como profesor/a emérito/a o profesorado doutor dos corpos e categorías docentes universitarios que prestase servizos destacados á Universidade de Santiago de Compostela e que cumpra os seguintes requisitos a 1 de setembro de 2025:

- a) Cumprir a idade de xubilación forzosa á finalización do curso 2024-2025 e estar ata ese momento en situación de servizo activo na Universidade de Santiago de Compostela.
- b) Pertencer aos corpos docentes universitarios ou ás categorías de profesorado laboral con vinculación permanente á USC.
- c) Ter prestado servizo activo na universidade pública durante un mínimo de 30 anos, 20 ou máis deles na Universidade de Santiago de Compostela, con dedicación a tempo completo ou o seu equivalente para o caso de que a totalidade ou unha parte do servizo activo se desenvolvese con dedicación a tempo parcial.
- d) Ter recoñecido como mínimo un número de tramos de actividade investigadora avaliados positivamente que o sitúe no cuartil superior da área de coñecemento nacional á que pertenza, segundo os datos publicados pola Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA).
- e) Cumprir polo menos algunha das seguintes condicións nos últimos 8 anos:
 1. Ter sido investigador/a principal (IP ou co-IP) dun proxecto de investigación dotado con financiamento externo público ou privado pertencente a convocatorias de concorrencia competitiva.
 2. Ter dirixido ou codirixido, como mínimo, unha tese de doutoramento que fose lida durante ese período.

3. Ter feito unha achega académica, científica ou artística de extraordinario relevo.
- f) Ter recoñecidos seis tramos de actividade docente.
- g) Non ter sido sancionado pola comisión de calquera tipo de falta disciplinaria.

3. Solicitudes de novas contratacóns

Corresponde aos departamentos presentar diante da Vicerreitoría de Profesorado as solicitudes de contratación de profesorado emérito. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Informe razoado do Consello de Departamento e, de ser o caso, tamén do Instituto ou Centro de Investigación, no que se xustificarán os méritos destacados da persoa candidata, a oportunidade da contratación e o interese científico da colaboración, e no que se incluirá o plan de actividades que realizará o profesorado no caso de ser contratado como emérito no período que se solicita.
- b) Expresión de interese da persoa proposta, acompañando o seu currículo.
- c) Informe razoado das Xuntas dos Centros nos que a persoa proposta desenvolveu o seu labor como docente nos últimos dez anos.

4. Solicitudes de prórroga

Os departamentos aos que pertenza o profesorado emérito remitirán á Vicerreitoría de Profesorado as solicitudes de prórroga acompañadas da seguinte documentación:

- a) Informe motivado do Departamento sobre o grao de cumprimento do plan de actividades proposto para a contratación como profesor/a emérito/a, no que se incluirá a actualización do plan de actividades para o seguinte período.
- b) Expresión de interese do profesor/a emérito/a para continuar coa súa actividade.

Nesta convocatoria únicamente deberá solicitar prórroga o profesorado emérito nomeado no curso académico 2022-2023, e que, por tanto, cumple no final do curso 2024-2025 o terceiro ano da súa contratación nesta figura.

5. Prazo de presentación

O prazo para presentar as solicitudes comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico da USC e rematará o 17 de xaneiro de 2025.

As peticións axustaranse aos formularios dispoñibles na web do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador (<https://www.usc.gal/gl/institucional/gobierno/area/xestionpersoal/PDI/formularios-profesorado-emerito>) e serán remitidos a ese Servizo a través de Geiser.

6. Avaliación das novas solicitudes

6.1. A Comisión de Avaliación de Accións Especiais será a encargada de realizar a avaliación das novas solicitudes presentadas que cumpran os requisitos.

6.2. Para os efectos de valoración de méritos das novas solicitudes, consideraranse relevantes os seguintes:

a) Os anos de servizo na Universidade adicionais aos esixidos para reunir as condicións que habilitan para a solicitude. Terán unha consideración especial para estes efectos os servizos prestados na USC.

b) Os resultados do labor docente desempeñado consistentes en publicacións docentes de referencia nacional ou internacional, ou en premios e distincións concedidos en atención a méritos docentes.

c) Os resultados do labor de investigación consistentes en artigos, monografías e informes de referencia publicados, en número de teses dirixidas, en número de proxectos dirixidos dotados con financiamento externo, e en número de sexenios e outros indicadores da relevancia da proxección internacional do seu labor investigador, tendo en conta as características específicas de cada área.

d) O desenvolvemento de actividades de xestión na USC e a participación en organismos nacionais ou internacionais de xestión, avaliación ou promoción da investigación e/ou da docencia universitaria.

e) O plan de actividades que a persoa solicitante vai desenvolver durante o período para o que se solicita.

6.3. A Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) ordenará as novas solicitudes avaliadas pola Comisión de Avaliación de Accións Especiais e emitirá un informe xustificativo da orde de prelación asignada. Tenderase a que no conxunto de profesorado emérito estean representados os diferentes ámbitos de coñecemento.

6.4. A Comisión de Organización Académica e Profesorado elevará a proposta que corresponda ao Consello de Goberno, con base nos informes emitidos sobre os currículos dos/das solicitantes pola Comisión de Avaliación de Accións Especiais.

7. Prórroga dos contratos

7.1. Os contratos de profesorado emérito serán prorrogables nos termos establecidos no artigo 2 do Regulamento.

7.2. Aos tres anos desde o contrato inicial realizarase unha avaliación das actividades desenvolvidas. Nese momento, os departamentos aos que pertenza o profesorado emérito remitirán á Vicerreitoría competente en materia de profesorado un informe motivado sobre o grao de cumprimento do plan de actividades proposto para a contratación como profesor emérito, e unha actualización do plan de traballo para o seguinte período.

7.3. A Comisión de Avaliación de Accións Especiais será a encargada de realizar unha

avaliación do cumprimento do plan de actividades e do plan de traballo proposto para o período de prórroga.

7.4. Tendo en conta o informe do Departamento e a avaliación da Comisión de Avaliación de Accións Especiais, a Comisión de Organización Académica e Profesorado elevará a proposta que corresponda ao Consello de Goberno.

8. Contratación do profesorado emérito

8.1. O Consello de Goberno acordará a contratación ou a prórroga do contrato de profesorado emérito á vista da proposta elevada pola Comisión de Organización Académica e Profesorado.

8.2. A Reitoría da Universidade de Santiago de Compostela, en execución do acordo adoptado polo Consello de Goberno, contratará as persoas propostas ou prorrogará os contratos indicando o Departamento, Centro ou Instituto de Investigación no que se desenvolverán a súa actividade. A contratación comunicarase aos departamentos, centros ou institutos correspondentes.

8.3. A duración inicial dos contratos será de tres anos, prorrogables nos termos establecidos no artigo 2 do Regulamento. A duración máxima dos contratos, incluídas as prórrogas, será de cinco anos.

8.4. A dedicación do profesorado emérito será a tempo parcial (30 horas).

8.5. Unha vez finalizada a relación contractual, a condición de profesorado emérito será vitalicia a efectos honoríficos.

9. Retribucións do profesorado emérito

9.1. O profesorado emérito percibirá unha remuneración compatible coa percepción da pensión de xubilación que lle corresponda.

9.2. A contía da retribución prevista no contrato reflectirase anualmente nos orzamentos da universidade, con financiamento finalista que, en ningún caso, afectará aos gastos ordinarios da institución.

9.3. O profesorado emérito poderá percibir complementos adicionais sempre que estean financiados, para esta finalidade, en proxectos ou contratos de investigación. Así mesmo, poderán percibir retribucións en concepto de colaboración en estudos propios, impartición de conferencias ou seminarios, ou outras de natureza similar.

9.4. En calquera caso, o conxunto das retribucións percibidas non poderá superar a retribución máxima establecida na normativa de aplicación.

10. Extinción do contrato

10.1. A extinción do contrato poderase realizar pola causa establecida no artigo 2.3 ou por calquera outra das causas previstas no Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

10.2. Así mesmo, a extinción poderase realizar por acordo do Consello de Goberno ante unha causa xustificada, previa proposta motivada do Consello do Departamento correspondente, tras dar trámite de audiencia á persoa interesada e solicitar informe da Xunta de Centro e da Comisión de Organización Académica e de Profesorado.

11. Actividades

11.1. O profesorado emérito poderá realizar as seguintes actividades:

- a) Dirixir, participar ou colaborar na dirección de tarefas de investigación, en función do tipo de actividade de que se trate e de conformidade coas convocatorias que a regulen.
- b) Colaborar na docencia de posgrao, tanto en mestrados oficiais e propios como en programas de doutoramento, incluída a dirección de teses e traballos fin de mestrado, coas horas lectivas que determine o contrato ata un máximo de 30 horas. En calquera caso, esta actividade non computará para efectos do cálculo estrutural de capacidade da área.
- c) Formar parte dos tribunais de tese e das comisións de avaliación dos traballos fin de mestrado.
- d) Ser membros de órganos consultivos.

11.2. O profesorado emérito poderá exercer as funcións de representación nos órganos que establezan os Estatutos da Universidade de Santiago e demais normativa aplicable.

11.3. En relación coas seguintes actividades, o profesorado emérito, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e co que no seu caso establezan as respectivas convocatorias, poderá:

- a) Participar en comisións de selección encargadas de resolver os concursos de prazas de profesorado.
- b) Celebrar contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación de conformidade co previsto no artigo 60 da Lei Orgánica do Sistema Universitario.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro



dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela

O reitor

Antonio López Díaz

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
28/10/2024 11:02:10.

CSV: 5C20-E38B-4051-9F0F